

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o once de marzo do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto, don Juan Anta Rodríguez e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 4 DE MARZO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día catro de marzo de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO A PERCIBIR AS SUBVENCIONS CONCEDIDAS CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A EXECUCIÓN DE INVESTIMENTOS EN MATERIA DE TERMALISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-

Unha vez visto o informe-proposta formulado polo xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio con data 8 de marzo de 2016, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Declarar a perda do dereito a percibir a subvención concedida ó concello e polo importe que seguidamente se relaciona, no marco do Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de termalismo, correspondente ao exercicio 2014:

CONCELLO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE DA SUBVENCIÓN €
BANDE	27.828,97	22.856,74
IMPORTE TOTAL:		22.856,74

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

O motivo da perda do dereito á subvención é a falta de xustificación da contratación no prazo previsto nas bases do programa dos investimentos subvencionados.

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS NÚMEROS 53/POS/2016 E 54/POS/2016 DO CONCELLO DA MEZQUITA.-

Á vista da solicitude formulada polo Concello da Mezquita, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016 no relativo ó Concello da Mezquita, anulando a obra n.º 54/POS/2016 denominada “refrixeración e climatización do velorio municipal” e incorporando o importe do investimento (7.018,00 €) á obra denominada “pavimentación en Chaguazoso e abastecemento, saneamento e pavimentación en Vilavella”, cun orzamento final de 52.500,00 €.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CLUB OURENSE BALONCESTO SAD.-

No Pleno de data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 48202-34111, a cantidade de 216.000,00 euros a favor do Club Ourense Baloncesto SAD, con CIF A32159287, para o fomento do deporte.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada sociedade deportiva, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade **acorda** aprobar unha subvención ó Club Ourense Baloncesto SAD, nos seguintes termos:

-Importe: 216.000,00 €.

-Obxecto: Fomento do deporte: gastos de funcionamento e mantemento do club.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

O beneficiario poderá presentar toda a documentación xustificativa de maneira total ou parcial. No caso de presentar a documentación xustificativa parcialmente, procederase ós pagos fraccionados correspondentes, ata acadar a totalidade do importe subvencionado.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2016

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 18.000,00 euros, a favor do Concello de Xunqueira de Ambía para seguimento do proxecto piloto de desenvolvemento integral da economía local.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Xunqueira de Ambía, nos seguintes termos:

-Importe: 18.000,00 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

-Obxecto: gastos de seguimento e control dos traballos realizados do proxecto piloto de desenvolvemento integral e desenvolvemento da economía local no Concello de Xunqueira de Ambía.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan consta-los seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

6.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE OURENSE PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN DOS ACCESOS AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.-

O organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, no marco das súas atribucións, está a desenvolver as actuacións de ampliación do Complexo Hospitalario de Ourense nunha parte situada na parcela n.º 12 do proxecto de compensación do AR-39, cedida con data 5 de outubro de 2011 polo Concello de Ourense.

No acordo de cesión de terreos, adoptado na Xunta de Goberno Local do 29 de abril de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

2010, o Concello de Ourense comprométese “a asumir todos os gastos necesarios para dotar á parcela 12 localizada na área de reparto AR 39, cedida ao Servizo Galego de Saúde para o seu destino á ampliación do Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO), das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumado, telefonía, en condicións e características suficientes para a efectividade dun centro hospitalario”.

Pola súa banda, a execución das obras correspondentes a este novo edificio de hospitalización conta coa preceptiva licenza municipal concedida polo Concello de Ourense, por Acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de marzo de 2013. No devandito acordo sinálase que “cara a garantir e co obxecto de asegurar a correcta execución, así como o carácter previo ou simultáneo das obras de urbanización dos terreos sobrantes da edificación respecto ás obras de edificación, en aras do interese público e toda vez que se trata de permitir a execución dun proxecto estratéxico para a cidade, dotación pública de interese supramunicipal, o Concello de Ourense comprométese a executar as obras de urbanización da fase I do Proxecto de urbanización da AR-39 E”.

No dito acordo de concesión de licenza engádese que “non se permitirá a ocupación dos edificios ata que non estea realizada totalmente a urbanización que afecte aos ditos edificios e estean en condicións de funcionamento as subministracións de auga e enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros”.

O proxecto de urbanización da AR 39-E, definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local do 14 de agosto do 2009, foi declarado nulo de pleno dereito por basearse no PXOM de 2003 pola sentenza do 26 de xuño do 2012 (confirmada polo TSX na súa sentenza do 7 de marzo de 2013). Posteriormente tramitouse novo proxecto de urbanización que foi denegada na Xunta de Goberno Local do 10 de marzo de 2016 ao emitir informe desfavorable (preceptivo e vinculante) o organismo de conca, motivos polos que non se puido realizar a urbanización.

A obra de referencia foi adxudicada cun prazo de execución de 26 meses. A acta de planeamento e autorización de inicio de obra tivo lugar o 6 de xuño de 2014. Así, a finalización desta obra está prevista para o 6 de setembro de 2016. Non obstante, os traballos aos que se comprometeu o Concello de Ourense non foron iniciados e, polo tanto, existía o risco de non ser operativa a obra en execución da Fase I do Complexo Hospitalario

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

Universitario de Ourense.

Neste senso, debe terse en conta que a maior parte dos terreos afectados polas obras de urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Ourensán forman parte integrante da Área de Reparto 39-E ámbito n.º 12 previsto no Decreto 187/2011, do 29 de setembro, polo que se suspendeu parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ourense e se aprobou a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. Trátase de terreos integrados nun único polígono, para o que o planeamento prevé, como sistema de execución, o de compensación, atopándose xa constituída a correspondente Xunta de Compensación e aprobado definitivamente e con carácter firme o proxecto de compensación. Máis en concreto, as parcelas de resultado con aproveitamento urbanístico inmediatamente lindeiras cos viarios previstos son parcelas de titularidade da Deputación Provincial (parcela 1B) e da sociedade mercantil en liquidación Urbaourense SA, cuxo socio único é a Deputación Provincial (parcela 1A).

Outra parte dos terreos afectados polas obras de referencia atópanse fóra da área de reparto, xa en solo urbano consolidado.

Tendo en conta o anterior, é preciso advertir que a vixente lexislación urbanística establece de modo claro que o deber de urbanización dos terreos incluídos nun polígono para o que estea prevista a execución a través do sistema de compensación corresponde aos propietarios dese polígono, a través da Xunta de Compensación, debendo ademais efectuarse a execución por polígonos completos, tal e como establece o artigo 123.1 da Lei 9/2002, do 31 de decembro, de Ordenación urbanística de Galicia. Non obstante o anterior, o artigo 124 desta lei, en coherencia co previsto no artigo 123.2, inciso derradeiro, permite aos municipios executar actuacións illadas en solo urbano (sen distinguir, para estes efectos, entre solo urbano consolidado ou non consolidado, co dato engadido de que o devandito artigo 123.2 exclúe expresamente da obriga de executar o polígono completo no suposto de actuacións illadas a que se refire o artigo 124, exclusión que, polo tanto, implica que o suposto previsto no artigo 124 é aplicable tamén a solos non consolidados incluídos en polígonos). Neste mesmo senso, pronúncianse os artigos 100.2 e 103 da nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que entrará en vigor o vindeiro 19 de marzo.

Ao abeiro destas normas, considérase legalmente posible, dende o punto de vista urbanístico, anticipar a execución de parte das obras de urbanización do ámbito n.º 12 da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

ordenación provisional (área de reparto 39 E). Por razóns técnicas, e para garantir a coherencia da actuación co remate das obras de ampliación do CHOU, estímase conveniente que a execución desa obra parcial de urbanización sexa asumida pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, empregando o procedemento do artigo 198 da LOUG para a autorización da actuación.

No que atinxe ao financiamento destas actuacións, e dado que as parcelas de resultado directamente afectadas pola actuación – e que, por tanto, se verían inmediatamente beneficiadas, ao completar de xeito anticipado o proceso de urbanización – son propiedade, directa ou indirectamente, da Deputación Provincial, estímase que o financiamento destas actuacións debe ser asumido pola administración provincial, que no seu día poderá deducir os gastos xa efectuados das súas achegas á Xunta de Compensación. En cambio, e polo que se refire ás actuacións illadas situadas fóra do polígono, ao tratarse de solo urbano consolidado o financiamento debe corresponder ao concello de Ourense, como administración urbanística competente, e de conformidade co compromiso xa adquirido polos acordos da Xunta de Goberno municipal do 29 de abril do 2010 e 27 de marzo de 2013, ao que xa se fixo mención.

En consecuencia, tendo en conta o excepcional interese público que implica a posta en funcionamento dos servizos sanitarios que serán prestados neste novo edificio de hospitalización, e a urxencia para que se leven a cabo estes de acordo cos prazos de execución previstos, e considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases xurídicas, técnicas e económicas para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións, nos termos anteriormente expostos, de xeito que as obras sexan financiadas pola Deputación (na parte que afecta á área de reparto) e o Concello (na parte que afecta ao solo consolidado) executándose pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Infraestruturas.

Para estes efectos, negociouse entre as partes a subscripción do correspondente convenio de cooperación, cuxa aprobación se propón na parte dispositiva do presente documento. Paralelamente, a Xunta de Compensación da Área de Reparto acordou autorizar a posta a disposición do SERGAS dos terreos necesarios, así como recoñecerlle á Deputación Provincial do dereito ao reintegro dos gastos de urbanización que se anticiparon a través do dito convenio.

Ante a urxencia manifestada pola Xunta de Galicia en canto á necesidade de axilizar a tramitación do convenio – e tendo en conta que en todo caso o convenio queda suxeito á

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

condición suspensiva da habilitación do crédito correspondente por parte do Pleno – estímase oportuno que se proceda á súa aprobación pola Xunta de Goberno, sen prexuízo da necesidade da súa ratificación polo Pleno.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para o financiamento e execución da urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, conforme coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para a execución das obras de urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O orzamento máximo total da obra é dun millón trescentos sesenta mil trescentos corenta e cinco con cincuenta e tres euros (1.360.345,53 €), IVE incluído.

As obras que se executarán defínense na memoria descritiva anexa, que forma parte do presente convenio para todos os efectos. No orzamento da memoria detállanse os custes que corresponden ás obras que afectan á área de reparto (que serán financiadas pola Deputación) e as que afectan a solo urbano consolidado (que serán financiadas polo Concello de Ourense).

O importe total para aboar tanto por parte do Concello de Ourense como pola Deputación Provincial de Ourense virá determinando pola aplicación da porcentaxe de baixada na licitación sobre os importes máximos establecidos nas cláusulas cuarta e quinta.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde comprométese a:

1. Financiar a redacción do proxecto de construción para a realización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, correspondendo á Axencia Galega de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

Infraestruturas a súa contratación e ao Servizo Galego de Saúde a supervisión do proxecto e o seu aboamento por un importe de 10.890 euros, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 621.1

2. Dispoñer do crédito necesario para a execución das obras en tanto non sexa achegado polas partes obrigadas.
3. Remitir á Axencia Galega de Infraestruturas o proxecto de construción dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
4. Encomendar á Axencia Galega de Infraestruturas a licitación, adxudicación, execución e dirección das obras obxecto do convenio así como o desenvolvemento de calquera actuación que sexa necesaria para a execución destas.
5. Consonte ao artigo 198.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, remitir o proxecto de urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ao Concello de Ourense para a súa conformidade ou desconformidade.
6. Prestar, cando lle sexa requirido pola Axencia Galega de Infraestruturas, en calquera das fases na que se atope a execución da presente actuación, a información, axuda e colaboración técnica necesaria para desenvolver satisfactoriamente a obra de acceso ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
7. Asistir ao acto de recepción das obras que terá os efectos de entrega destas, de conformidade coa cláusula cuarta.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas comprométese a:

1. Dirixir a redacción, reformular e aprobar o proxecto de construción no que se formulen as obras e actuacións previstas no presente convenio. Previamente á aprobación do proxecto, este será remitido á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Ourense, para a prestación de conformidade por estas entidades, en tanto que cofinanciadoras da actuación. A conformidade ou desconformidade destas entidades manifestarase polos órganos competentes no prazo de cinco días hábiles dende a recepción do proxecto, entendéndose que presta a conformidade se non comunica o contrario no dito prazo. A desconformidade da Deputación e o Concello de Ourense, de ser o caso, só poderá basearse

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

na discordancia substancial do proxecto respecto da memoria anexa ao presente convenio ou por ser contrario á legalidade vixente ou na existencia de solucións técnicas máis axeitadas e económicas para a definición e execución das obras, sempre que estas non supoñan unha diminución da calidade do proxecto.

2. Licitat, adxudicat, executar e dirixir as obras obxecto do convenio así como desenvolver calquera actuación que sexa necesaria para a execución destas.

3. Recibir as obras executadas. A Axencia Galega de Infraestruturas poñerá este acto en coñecemento do Concello de Ourense, mediante comunicación formal.

Con posterioridade, formalizarase a correspondente acta de entrega ao concello nun prazo máximo dun mes desde a comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, sendo a data de recepción das obras a que determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula cuarta apartado cuarto deste convenio, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE OURENSE

O Concello de Ourense comprométese a:

1. Financiar a obra “Urbanización dos accesos ao CHUO” cunha achega máxima de 410.731,48 €, IVE engadido, con cargo aos orzamentos xerais do Concello de Ourense para o exercicio económico de 2016. Para estes efectos, o Concello de Ourense comprométese a realizar unha achega económica á favor da Xunta de Galicia, polo importe máximo expresado, con destino a gastos de urbanización que se realicen en solo urbano consolidado de acordo coa memoria descritiva que figura como anexo a este convenio, e sempre que se trate de actuacións urbanizadoras que queden fóra da Area de Reparto 39-E., incluídas na citada memoria descritiva.

2. Cara ao cumprimento deste compromiso, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense como órgano competente para aprobar o proxecto de orzamento do exercicio en curso, así como para a súa aprobación definitiva en caso de negativa polo Pleno da Corporación, obrígase a dotar de crédito adecuado e suficiente o orzamento do exercicio 2016 , para facer fronte á súa achega económica.

Esta habilitación crediticia operará como condición suspensiva de eficacia, toda vez que non resultará esixible a obriga económica estipulada, mentres non se aproben os orzamentos para o exercicio en curso.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

O importe será transferido polo Concello de Ourense ao Servizo Galego de Saúde ao número de conta ES75 0081 5363 29 0001087413 do Banco Sabadell, no momento da recepción das obras en cuestión pola Axencia Galega de Infraestruturas. Para este efecto, a Axencia Galega de Infraestruturas deberá comunicar ao Concello de Ourense o proxecto construtivo, a adxudicación do contrato de obras, e as certificacións de obras que foran expedidas e aprobadas da obra “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

Asemade, o Concello de Ourense deberá indicar como concepto do ingreso “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

No suposto de incumprimento das obrigas previstas nesta cláusula, o Servizo Galego de Saúde poderá, de conformidade coa normativa aplicable, reclamar ao Concello de Ourense os danos e perdas ocasionados derivados dos gastos en que o Servizo Galego de Saúde tivese incorrido na execución da obra e que o Concello se comprometeu a financiar en virtude desta cláusula.

3. Achegar ao SERGAS, unha vez asinado o convenio e no prazo máximo de 5 días, certificado do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia da posta a disposición do SERGAS, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto.

4. Recibir as obras executadas no prazo máximo dun mes dende o requirimento da Xunta de Galicia, téndose por entregadas, para os exclusivos efectos do mantemento e conservación da obra, se nese prazo o concello non as dá por recibidas sen xusta causa.

5. Asumir, unha vez realizadas as obras e logo da súa recepción a través da correspondente acta, a titularidade, explotación, mantemento e conservación das obras e os seus servizos.

QUINTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a:

1. Financiar as obras cun investimento máximo de 949.614,05 € IVE engadido.

Para posibilitar a execución deste compromiso, a Deputación Provincial de Ourense obrígase a tramitar e aprobar inicialmente, no mes de marzo de 2016, o oportuno expediente de modificación de créditos orzamentarios que permita a dotación de crédito adecuado e suficiente nos seus orzamentos para a realización desta achega, xustificada en virtude do seu

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

deber de urbanización dos terreos incluídos na área de reparto 39 E, como membro da Xunta de Compensación do dito ámbito de equidistribución.

Esta habilitación crediticia operará como condición suspensiva de eficacia, toda vez que non resultará esixible a obriga económica estipulada, mentres non se habilite a nomeada partida.

2.- Os importes serán transferidos pola Deputación Provincial de Ourense ao Servizo Galego de Saúde ao número de conta ES75 0081 5363 29 0001087413 do Banco Sabadell, no momento da recepción das obras en cuestión pola Axencia Galega de Infraestruturas. Para este efecto, a Axencia Galega de Infraestruturas deberá comunicar á Deputación de Ourense o proxecto construtivo, a adxudicación do contrato de obras, e as certificacións de obras que foran expedidas e aprobadas da obra “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

Asemade, a Deputación de Ourense deberá indicar como concepto do ingreso “Urbanización dos accesos ao CHUO”.

3.- No suposto en que a modificación orzamentaria non se efectúe no prazo estipulado, o Servizo Galego de Saúde poderá proceder a reclamar á Deputación de Ourense os danos e perdas ocasionados derivados dos gastos en que o Servizo Galego de Saúde tivese incorrido na execución da obra e que a Deputación se comprometeu a financiar en virtude desta cláusula.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso e cumprimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante do Servizo Galego de Saúde, un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante do Concello de Ourense.

Presidirá a Comisión de Seguimento a presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, ou persoa na que delegue. Actuará como secretario da comisión un funcionario da Axencia, designado pola presidencia.

No non disposto neste convenio, o réxime de funcionamento aplicable á Comisión será o determinado polas normas común de funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas.

As funcións da Comisión de Seguimento serán, entre outras, as seguintes:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
2. Interpretar, en caso de dúbida, e con carácter executivo, o contido do presente convenio.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.
4. Aprobar a liquidación do convenio, unha vez concluída a execución e entrega das obras.

Todas as incidencias que poidan xurdir na aplicación deste convenio serán sometidas á Comisión de Seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

Contra os acordos da Comisión Executiva, en caso de que poñan fin á vía administrativa, procederán as accións administrativas e legais contempladas no ordenamento xurídico.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Non terán a consideración de modificacións do convenio as modificacións do proxecto de obras de carácter técnico, aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos, sempre que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio.

O incremento das achegas previstas inicialmente, correspondentes á Deputación Provincial e ao Concello de Ourense, e calquera que sexa a súa causa, requirirá a conformidade expresa destes.

Non será preciso o trámite de modificación do convenio para á súa liquidación. De existir remanentes do financiamento para a execución das obras, estes serán reintegrados á Deputación e ao Concello de Ourense, segundo corresponda.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio. A resolución do convenio será acordada pola administración pública interesada, previo o informe preceptivo da Comisión de Seguimento. Contra o acordo de resolución adoptado por calquera das partes, o resto de subscritores do convenio poderá exercer as accións administrativas ou xudiciais previstas no ordenamento xurídico.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efectos dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da administración local de Galicia. No seu defecto, rexerase polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse, de acordo co artigo 10,1-g da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións. Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por cuadruplicado exemplar.

2º.- O acordo de aprobación da subscrición do convenio queda suxeito á súa ratificación por parte do Pleno da Deputación Provincial.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de marzo de 2016

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día once de marzo do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,